

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE AULA

-2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL-



ÍNDICE

1.	<u>Introdución e contextualización</u>	<u>4</u>
2.	<u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....</u>	<u>4</u>
3.	<u>Obxectivos xerais</u>	<u>10</u>
4.	<u>Secuencia de contidos</u>	<u>16</u>
5.	<u>Temporalización.....</u>	<u>28</u>
6.	<u>Criterios de avaliación</u>	<u>29</u>
7.	<u>Procedementos e instrumentos de avaliación.....</u>	<u>32</u>
8.	<u>Metodoloxía didáctica, considerando as competencias clave como elemento organizador.....</u>	<u>33</u>
9.	<u>Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....</u>	<u>35</u>
10.	<u>Medidas de atención á diversidade.....</u>	<u>39</u>
11.	<u>Accións de contribución ao Plan TIC.....</u>	<u>40</u>
12.	<u>Accións de contribución ao Plan de Convivencia.....</u>	<u>42</u>

13. <u>Educación en valores.....</u>	<u>43</u>
14. <u>Actividades complementarias e extraescolares.....</u>	<u>43</u>
15. <u>Procedemento para avaliar a propia programación.....</u>	<u>45</u>



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación que se presenta está pensada para levarse a cabo co alumnado do **2º ciclo de Educación Infantil** durante o curso **2019/2020**. Para elaborala, teño en conta os sucesivos documentos que concretan e adaptan o currículo de Educación Infantil ás necesidades do entorno, do centro e do grupo-clase. Parto dos principios xerais establecidos a partir da LOE (Lei Orgánica de Educación 2/2006) e que a LOMCE non modificou (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa 8/2013), concretándose á súa vez no **D. 330/2009, que establece o currículo da etapa de EI para Galicia**, o cal adapto ás características do meu alumnado. Teño en conta para elaborala tamén o Proxecto Educativo (PE) do centro e a súa concreción na Programación Xeral Anual (PXA), así como as Normas de Organización Funcionamento e Convivencia (NOFC) do centro.

O centro está ubicado nunha zona rural ás aforas da cidade de Ferrol e a maioría das familias pertencen a unha clase socio-económica media-alta. A relación coas familias é boa e estas colaboran sempre que se lles solicita.

O grupo-clase á que vai dirixida esta programación está composto por alumnas e alumnos do 2º ciclo de Educación Infantil, de idades comprendidas entre os 3 e os 6 anos e coa seguinte ratio:

- 5 alumnas e alumnos de 3 anos: 2 nenas e 3 nenos.
- 3 alumnas e alumnos de 4 anos: 2 nenas e 1 neno.
- 5 alumnas e alumnos de 5 anos: 2 nenas e 3 nenos.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A LOE establece **un total de 8 competencias básicas** que o alumnado debe desenvolver e alcanzar ao longo da ensinanza básica. Veñen concretadas no D. 330/09, onde se deixa patente a necesidade de que o seu desenvolvemento teña lugar desde o inicio da escolarización, de forma que a súa adquisición sexa progresiva e coherente. No marco da proposta realizada pola Unión Europea establecéronse as seguintes **8 CC.BB**:

Competencia en comunicación lingüística

- Expresar e comprender mensaxes orais en diferentes situacións comunicativas.
- Describir, narrar, explicar..., diversos debuxos, carteis, fotografías, pictogramas...
- Inicialos en debates en grupo sobre temas e problemas relacionados con situacións da vida cotiá.
- Expresar en voz alta opinións persoais.
- Recrear na aula situacións da vida cotiá.
- Dialogar sobre os diferentes temas.
- Utilizar textos diferentes con intencións comunicativas diversas: contos, revistas, fotografías, carteis...
- Interpretar imaxes en voz alta.
- Coñecer e utilizar as regras básicas do funcionamento da lingua.
- Coñecer as estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dunha maneira axeitada.
- Saber expresar ideas, sentimentos e necesidades.
- Utilizar as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- Utilizar estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender o ton da voz, a entoación, as pausas...

Competencia matemática

- Utilizar a linguaxe matemática en situacións da vida cotiá.
- Comezar a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiáns e amosar seguridade e confianza nas capacidades propias.
- Ser capaz de coñecer o proceso que se seguiu e as solucións que se obtiveron na resolución de problemas.
- Realizar, progresivamente, estimacións dalgunhas magnitudes.
- Utilizar métodos elementais para calcular distancias.
- Empregar o coñecemento das formas e figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

- Comprender a relación de utilidade que se establece entre os homes e as mulleres e o resto dos seres vivos.
- Coñecer os cambios que a actividade humana pode producir no medio.
- Observar a natureza e interactuar con ela.
- Desenvolver a capacidade para lograr unha vida saudable nun medio que o sexa.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida e a actividade humana.
- Interactuar co medio próximo resolvendo problemas.
- Coñecer a influencia que teñen sobre o medio, a saúde e a calidade de vida, os avances científicos e tecnolóxicos.
- Comezar a desenvolver o pensamento científico-técnico.
- Presentar preguntas, razoar sobre os fenómenos que se producen no medio.

Tratamento da información e da competencia dixital

- Adquirir os coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do equipamento informático dispoñible na aula, no centro ou no fogar (acendido e apagado do ordenador, manexo do rato...).
- Dominar programas informáticos.
- Ser capaces de buscar, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.
- Comprender a información e integrala progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
- Ser capaz de comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando diversos recursos e técnicas.
- Saber aproveitar a información que facilitan as novas tecnoloxías, aprendendo con elas.
- Comezar a coñecer diferentes tipos de información e linguaxes.

Competencia social e cidadá

- Saber escoitar os compañeiros, as compañeiras e os adultos, e buscar sempre o diálogo e a negociación como medios para resolver os conflitos que se lle presenten.
- Saber relacionarse querendo ampliar o círculo de amizades e coñecidos.
- Saber convivir cos demais.
- Coñecerse a si mesmo/a e amosar unha actitude positiva ante a vida, intentando previr os pequenos problemas da vida cotiá.
- Desenvolver as habilidades necesarias para traballar en equipo amosándose sempre tolerante coas opinións dos compañeiros e das compañeiras; aceptar que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
- Desenvolver hábitos de comportamento axeitados e adaptados ós diversos contextos sociais nos que se desenvolve.

- Aceptar as normas de convivencia dos diferentes grupos cos que se relaciona.
- Comezar a asumir os valores democráticos, os deberes, as obrigas e os dereitos.
- Coñecer o patrimonio artístico e cultural do lugar ó que pertence, aprendendo a valoralo e a respectalo.
- Aprender a convivir nunha sociedade cada vez máis plural; compartir, participar, colaborar, tolerar e aceptar as diferenzas individuais debidas a diversos motivos.
- Rexeitar a desigualdade e valorar, pouco a pouco, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social.

Competencia cultural e artística

- Aprender a apreciar e valorar as producións plásticas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- Utilizar diferentes medios de expresión (música, artes visuais, artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal...) para expresar ideas, sentimentos, necesidades, emocións e intereses.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade e a iniciativa persoal como medios para desenvolverse de maneira cada vez máis autónoma no medio próximo.
- Desenvolver a sensibilidade e o sentido estético para o gozo persoal.
- Ser capaces de emocionarse e sentir ante as manifestacións e producións culturais.
- Coñecer diversas manifestacións artísticas e culturais, do pasado e do presente, do lugar no que viven.
- Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Nas actividades plásticas realizadas en grupo, tomar conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e apreciar as contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.

Competencia para aprender a aprender

- Aprender a resolver os pequenos problemas que se lle presenten na súa vida cotiá e a desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo.
- Coñecer diversas formas para resolver un determinado problema de maneira que escolla o medio máis axeitado.
- Sentir o desexo e a curiosidade por aprender.
- Coñecer e valorar, progresivamente, as posibilidades e as limitacións persoais; aceptar os erros e as equivocacións e aprender a superarse.
- Ter confianza nas propias posibilidades.
- Pedir axuda cando non poidan realizar determinadas accións por eles/as mesmos/as.
- Basearse no que xa aprenderon para poder adquirir novos coñecementos.
- Aplicar o que aprenderon en diferentes contextos e situacións.
- Desenvolver estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención, da concentración, da memorización e da resolución de problemas.
- Aprender a explorar e a manipular obxectos e situacións.
- Desenvolver progresivamente formas persoais de aprender.

Autonomía e iniciativa persoal

- Ter iniciativa e criterio propio para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo na vida cotiá.
- Ser responsable ante as decisións persoais e ser consecuente con elas.
- Desenvolver valores persoais: dignidade, liberdade, autoestima, seguridade nun mesmo, capacidade para enfrontarse ós problemas, perseveranza, responsabilidade, autocrítica, iniciativa, creatividade...

- Ser quen de marcarse obxectivos, de elaborar ideas e buscar solucións ante os problemas que se lle presentan.
- Desenvolver habilidades sociais: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo...
- Identificar as emocións propias e ser capaz de comprender as dos demais.
- Adquirir as destrezas necesarias para detectar necesidades e buscar solucións con creatividade.

3- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

Os obxectivos xerais de etapa supoñen as capacidades, competencias ou habilidades que se espera que o alumnado acade ao finalizar a etapa de educación infantil como consecuencia da intervención educativa. Fan referencia aos 5 ámbitos de desenvolvemento, presentados de xeito interrelacionado e traballados a través das 3 áreas de coñecemento ou experiencia: cognitivos, psicomotrices, comunicación e relación interpersonal, afectivos e de actuación e inserción social.

Os obxectivos concréntanse en base aos niveis de concreción curricular. Por iso, no art. 13 da LOE establécense os obxectivos xerais, que se concretan no art. 4 do D 330/2009 para toda a etapa de EI. Parto de todos eles para a elaboración desta programación, modificándoos e adaptándoos ás necesidades e intereses do meu grupo clase.

❖ ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Explorar e coñecer o seu corpo identificando os seus segmentos e elementos, sendo capaz de valorar as súas capacidades e aceptar as súas limitacións, adquirindo así unha imaxe axustada de si mesmo/a.

- Distinguir semellanzas e diferenzas entre as características e calidades do seu propio corpo e o dos demais, aceptándoas, valorándoas e evitando calquera actitude discriminatoria por razón destas diferenzas.
- Coñecer e identificar a existencia doutras persoas dentro do noso medio e fóra del pertencentes a outras razas que posúen diversos trazos físicos e que teñen distintas formas de vida, hábitos e algúns costumes diferentes ós nosos.
- Aumentar o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa na resolución de problemas da vida cotiá e desenvolver estratexias para satisfacer de forma progresivamente autónoma as súas necesidades básicas.
- Desenvolver progresivamente a lateralidade do seu corpo, sendo capaz de interpretar nocións direccionais con este.
- Identificar o lado dereito e esquerdo do seu corpo.
- Coñecer e utilizar coordinadamente as súas posibilidades motrices e posturais, adaptándoas ás diversas actividades cotiás, lúdicas e de expresión.
- Continuar a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene, a alimentación, o coidado da saúde, o benestar persoal, a organización, a constancia, a atención, a iniciativa e o esforzo.
- Afianzar a coordinación óculo-manual necesaria para realizar actividades motrices de carácter fino, mellorando a precisión dos seus movementos e utilizando pequenos instrumentos.
- Coñecer os sentidos corporais, a súa localización e a súa función na percepción, sendo capaz de identificar as diversas sensacións corporais.
- Identificar os sentimentos, emocións, desexos e necesidades propias e os dos demais, desenvolvendo unha actitude comunicativa.
- Ser capaz de planificar e secuenciar a propia acción para resolver problemas da vida cotiá, desenvolvendo actitudes de colaboración e axuda con nenos, nenas e adultos, e adecuando o seu comportamento ás necesidades e demandas dos outros.

- Controlar a situación espacial de si mesmo/a e dos obxectos respecto a diferentes nocións espaciais.
- Adquirir nocións de orientación temporal mediante a identificación de vivencias persoais da actividade cotiá.
- Participar e contribuír, dentro das súas posibilidades, no mantemento da orde e a limpeza da súa clase e da súa casa, colaborando e buscando axuda se fose necesario.

❖ **ÁREA II: COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Adquirir progresivamente un coñecemento lóxico-matemático, describindo obxectos e situacións, as súas propiedades e as relacións que entre eles se establecen a través da experimentación activa.
- Identificar e recoñecer os cardinais desde o 0 ata o 9, controlando a direccionalidade da súa grafía e asociando o número coa cantidade.
- Situar espacialmente respecto as nocións básicas, identificando estas nocións en si mesmo/a e nos obxectos.
- Utilizar adecuadamente cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Identificar e recoñecer as formas planas.
- Recoñecer algunhas formas xeométricas diferenciando unhas doutras.
- Aplicar modificacións cuantitativas en coleccións de elementos, reparando no proceso e aos resultados obtidos.
- Agrupar obxectos por calidades e propiedades e determinar o seu aspecto cuantitativo aplicando o cardinal correspondente.
- Utilizar as formas de representación matemática para resolver problemas da vida cotiá.



- Describir diversas situacións espaciais e as accións que podemos realizar sobre elas, atendendo ao proceso e aos resultados obtidos.
- Observar os cambios que se producen no medio natural coa chegada das diferentes estacións, constatando a influencia do tempo atmosférico na forma de organizar a vida as persoas, e observando e manipulando os diversos obxectos relacionados co vestido propios de cada estación.
- Valorar, respectar e coidar o medio natural, intervindo na medida das súas posibilidades.
- Orientarse autonomamente no ámbito escolar e coñecer a organización do colexio, establecendo relacións máis amplas coas persoas que nel están, respectando e valorando o traballo que realizan e as normas de comportamento e organización da súa clase.
- Aceptar a propia situación familiar, desenvolvendo actitudes de afecto e respecto cara ós membros da súa familia, valorando e asimilando as súas normas de convivencia.
- Coñecer as características da súa vivenda, os seus espazos e funcións, diferenciando os diversos materiais que se empregan para construír unha casa.
- Coñecer e valorar as profesións relacionadas co colexio, coa construción, co lecer e co coidado do medio natural, preguntando, interpretando e opinando sobre elas.
- Coñecer as relacións de interdependencia, equilibrio e utilidade que existen entre os seres vivos, valorando a importancia que teñen para a vida e a conservación do medio.
- Identificar as características morfolóxicas e funcionais dalgúns animais próximos ó seu medio e doutros medios afastados, establecendo relacións entre as características do medio físico e as diferentes formas de vida.
- Iniciarse no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...
- Observar e explorar o seu medio inmediato: a rúa, o barrio, os elementos presentes nel, mostrando interese e curiosidade cara ós acontecementos relevantes deste,

preguntando e opinando sobre eles co fin de desenvolver a súa espontaneidade e orixinalidade.

- Coñecer algunhas das formas máis habituais da organización humana: os medios de transporte e os medios de comunicación e información, valorándoos positivamente.
- Fomentar nos nenos e nenas a actitude de compartir os seus xoguetes e xogos, e a aceptación das normas implícitas, desenvolvendo hábitos de convivencia e amizade, e rexeitamento polos xogos violentos.

❖ **ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Utilizar a linguaxe oral de forma cada vez máis correcta, expresando ideas, sentimentos e desexos en conversacións colectivas, adaptándose ás distintas situacións de comunicación e respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- Progresar na expresión oral introducindo nas súas producións variacións morfolóxicas, utilizando as palabras do vocabulario e construíndo frases cunha estruturación correcta.
- Progresar na linguaxe oral producindo sons, sílabas e palabras con soltura, para así poder acometer a linguaxe escrita con éxito.
- Valorar a linguaxe escrita como medio de información e comunicación, descubriendo e identificando os seus instrumentos e elementos básicos.
- Ler, interpretar, ordenar e producir imaxes seguindo unha secuencia temporal, adestrándose así para a lectura, cunha actitude de interese e gozo.
- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, amosando actitudes de valoración, divertimento e interese cara a eles.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.

- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo de entretemento e gozo.
- Iniciarse no coñecemento e uso dalgunhas palabras básicas en lingua estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá e coas actividades que se realizan dentro da aula.
- Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.
- Utilizar as posibilidades da expresión plástica, musical e corporal para representar obxectos, situacións, ideas... ampliando as súas posibiliades comunicativas e desenvolvendo a creatividade.
- Comprender as mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxico (ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...), e entender a importancia e a necesidade de utilizalos moderadamente.
- Manifestar interese cara ás audicións de sons producidos por obxectos, instrumentos ou a voz, identificando algunhas calidades.
- Representar obxectos, situacións e persoas a través das distintas técnicas da expresión plástica.
- Mellorar no control da respiración nas actividades de movemento e relaxación.
- Respectar as creacións artísticas dos seus compañeiros e compañeiras e do medio cultural ó que pertencen.
- Recoñecer e identificar os sons do propio corpo e os do medio.
- Identificar as cores primarias e a gama de cores secundarias.

4. SECUENCIA DE CONTIDOS

Son o conxunto de formas e saberes culturais seleccionados en base aos obxectivos establecidos. Todos os contidos se traballan ao longo de todo o curso académico baixo os obxectivos distribuídos nas 3 áreas de experiencia.

Os contidos seleccionados e que a continuación se expoñen, foron elixidos en base aos obxectivos propostos previamente e seleccionados tendo en conta as características, necesidades e intereses do alumnado, tendo presentes paralelamente os seguintes criterios: a súa validez á hora de alcanzar os obxectivos propostos, a súa significatividade para poder asocialo cos contidos abordados previamente e a súa adecuación en función de se se adapta á competencia cognitiva do alumnado.

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Segmentos e elementos do corpo.
- Características diferenciais.
- Articulacións do corpo.
- Partes internas do corpo.
- Lado esquerdo e lado dereito do corpo.
- Sentidos do tacto, do gusto, do olfacto, do oído e da vista. Funcións.
- Sensacións e percepcións: seco-mollado, frío-calor.
- Sentimentos e emocións propios e dos demais.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Nocións de direccionalidade con respecto ó corpo.
- As distintas actividades cotiás: de xogo, tarefas, rutinas... Requirimentos.

- Limpeza e orde na clase e no colexio.
- Movements e posturas do corpo e a súa relación cos segmentos corporais.
- Posibilidades motrices e posturais.
- Picado, recortado, grafomotricidade.
- Movements combinados e movements bilaterais asimétricos e alternos.
- Nocións básicas de orientación espacial: dereita-esquerda.
- Nocións básicas de orientación temporal: pola mañá-pola noite, onte, hoxe, mañá, antes, despois.
- Hábitos de hixiene e de alimentación, e a súa relación coa saúde e o benestar persoal.
- Accións que favorecen a saúde: o deporte.
- Identificación global e segmentaria das características e calidades do propio corpo, así como as semellanzas e diferenzas cos outros.
- Aceptación das características e identidade dos demais.
- Identificación e control das necesidades básicas.
- Utilización do sentido do tacto e do gusto para percibir propiedades e sensacións que producen os obxectos.
- Identificación, expresión e manifestación de sentimentos, necesidades, desexos propios e dos demais.
- Adecuación do comportamento ás diversas situacións da actividade cotiá, ás necesidades e demandas dos demais.
- Desenvolvemento de hábitos elementais de organización, atención, constancia, iniciativa e esforzo nas distintas actividades.
- Contribución á limpeza da súa casa e da súa clase.

- Reprodución de posturas co corpo.
- Control e precisión no uso de utensilios e obxectos.
- Exploración das posibilidades e limitacións posturais e motrices do propio corpo.
- Experimentación da noción dereita e esquerda en relación ó propio corpo.
- Coordinación e control corporal nas actividades lúdicas que impliquen movemento global ou segmentario e adquisición de habilidades motrices novas.
- Descrición da situación espacial dos obxectos e do propio corpo respecto a diferentes nocións.
- Percepción temporal das rutinas cotiás.
- Orientación espacial e temporal nos lugares coñecidos.
- Adquisición e desenvolvemento de hábitos de hixiene, alimentación e seguridade persoal.
- Utilización correcta dos útiles relacionados coa alimentación e a hixiene.
- Progresiva adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.
- Coidado e precaución ante situacións que poidan resultar perigosas.
- Desexos de afondar no coñecemento das súas características persoais e dos segmentos corporais.
- Actitude non discriminatoria ante os seus compañeiros e compañeiras.
- Aceptación, comprensión, tolerancia e respecto ás persoas pertencentes a diferentes razas e formas de vida.
- Constancia do que lles proporcionan os diferentes sentidos.
- Interese por coñecer os sentimentos e emocións dos demais.

- Gusto por manter a súa clase e a súa casa limpas e coidadas.
- Esfuerzo por realizar movementos máis complicados co seu corpo.
- Gusto polo xogo.
- Pracer ó manexar instrumentos que requiran maior precisión.
- Alegría polo progreso na súa autonomía persoal.



ÁREA II: COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Nocións básicas de medida: tamaño: longo-curto, grande-mediano-pequeno, ancho-estreito, goso-delgado, pesado-lixeiro.
- Cuantificadores básicos: cheo-baleiro, máis que-menos que, tantos como, un- varios, enteiro-metade, ningún-varios.
- Os corpos no espazo: arredor, entre, diante-detrás, aberto-cerrado, esquerda- dereita, preto-lonxe, xunto-separado...
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo e óvalo.
- Corpos xeométricos: a esfera e o cubo.
- Nocións básicas de orientación temporal.
- A serie numérica: os cardinais ata o 9.
- Relacións entre coleccións de obxectos: correspondencias e series.
- Propiedades dos obxectos: recto e curvo, rápido-lento.
- Fenómenos atmosféricos, plantas características, froitos, vestidos... relacionados co clima.

- Animais de diferentes hábitats e de diversos medios. Características morfolóxicas e funcionais.
- Desenvolvemento da vida das plantas.
- O papel das persoas na conservación do medio.
- A contaminación.
- Propiedades dos obxectos: recto-curvo-lineal, lixeiro-pesado, suave-áspero, simetría, brando-duro, liso-rugoso, frío-quente, doce-salgado, rápido-lento.
- A clase e o colexio: espazos, obxectos e normas de comportamento.
- Familia: membros, parentesco, situación familiar e normas de convivencia.
- A casa: características internas e externas, espazos, obxectos. Tipos de vivenda.
- O seu enderezo e teléfono.
- Normas de seguridade viaria.
- Elementos do medio e da paisaxe urbana.
- Lugares, obxectos e accións relacionados co consumo, a diversión e o lecer.
- Profesións: relacionadas co colexio (profesor/a, director/a, limpador/a, xardineiro/a), co medio (carteiro/a, garda, vendedor/a, varredor/a), cos medios de transporte (piloto, condutor/a, azafata, capitán/á de barco), coa diversión e o lecer, e cos medios de comunicación (actor/actriz, presentador/a).
- Medios de transporte públicos e privados.
- Algúns medios de comunicación e información.
- Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...
- Festas e celebracións do ano.

- Ordenación, comparación e clasificación de obxectos atendendo ás súas características e propiedades.
- Identificación dalgunhas formas planas e corpos xeométricos.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen repartir.
- Utilización do cardinal para determinar cantidades.
- Expresión da situación espacial dos obxectos e de si mesmo/a.
- Establecemento de relacións entre coleccións.
- Composición e descomposición de números.
- Aplicación de nocións de cantidade.
- Ordenación de obxectos segundo diversas leis de seriación.
- Uso adecuado dos cuantificadores.
- Observación, manipulación e comparación de figuras.
- Identificación dos números controlando a direccionalidade da súa grafía.
- Construción da serie numérica por adición da unidade.
- Identificación do cardinal anterior a cada un dos xa coñecidos.
- Iniciación á suma e resta.
- Identificación do coidado que necesitan animais e plantas.
- Recoñecemento das características dalgúns animais e do medio no cal viven.
- Observación directa de plantas.
- Contribución ó mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.

- Discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados nos diferentes contextos.
- Recoñecemento de si mesmo/a como membro da súa familia. Identificación do lugar que ocupa nela.
- Descrición de datos relacionados coa súa propia familia.
- Adaptación ós hábitos horarios establecidos na casa.
- Identificación de sensacións asociadas ás calidades dalgúns obxectos.
- Discriminación e rexeitamento de xogos e xoguetes que impliquen violencia ou perigo.
- Orientación autónoma na clase e nos espazos do colexio, asociándoos coa actividade que desenvolve neles.
- Participación na elaboración das normas e pautas de comportamento na clase e na casa.
- Utilización adecuada dos obxectos e espazos da casa.
- Coñecemento e valoración das diferentes profesións.
- Observación do medio urbano descubriendo elementos e características.
- Observación de diversos servizos relacionados co consumo, o lecer e a diversión.
- Discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados na utilización dos medios de transporte.
- Atención ós acontecementos tratados nos medios de comunicación.
- Gusto por comparar e contar obxectos.
- Interese por descubrir as propiedades dos obxectos.
- Valoración da importancia dos números.

- Pracer coa actividade matemática.
- Gusto e gozo coa manipulación de obxectos.
- Interese por coñecer a organización espacial e temporal.
- Desexos de aprender os números.
- Valoración da utilidade dos números.
- Interese por descubrir a medida dos obxectos.
- Esfuerzo e interese por resolver situacións mediante as operacións e os números.
- Interese por apreciar os cambios que se producen no medio relacionados co clima.
- Pracer por coñecer animais de medios afastados e outros hábitats.
- Desexos de contribuír á conservación do medio natural.
- Gusto por desenvolverse con autonomía na súa casa e no colexio.
- Actitude de colaboración e axuda cos seus compañeiros/as e cos adultos.
- Desexos de coñecer diferentes tipos de vivenda.
- Asimilación das normas de seguridade viaria.
- Valoración e respecto ás diferentes profesións.
- Gozo co coñecemento dos medios de comunicación e información.
- Comportamento adecuado nos diferentes medios de transporte.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Contos das unidades. Vocabulario relativo ás unidades.

- A linguaxe oral como medio de comunicación e expresión de distintos contidos e intencións.
- Situacións de comunicación oral.
- Textos de tradición oral: contos, poesías, refráns, cancións, adiviñas, trabalinguas...
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Formas socialmente establecidas para solicitar, agradecer e despedirse.
- A linguaxe escrita como medio de comunicación.
- Instrumentos que vehiculan a lingua escrita: imaxes, etiquetas, carteis, libros, revistas...
- O xénero e o número.
- Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos da unidade, se poidan introducir.
- Materiais e técnicas da expresión plástica.
- Control do corpo, actividade, movemento e respiración.
- Posibilidades expresivas do corpo.
- Os sons do corpo e do medio.
- Cores primarias e gama de cores secundarias.
- Contrastes claro-escuro nas diferentes cores.
- O son dos instrumentos musicais.
- Relaxación e equilibrio.
- Calidades do son.

- Cancións infantís.
- Achegamento ós textos da súa tradición cultural, comprendéndoos e reproducíndoos.
- Recitado de poesías, descubriendo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.
- Participación en conversacións colectivas respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Produción de mensaxes progresivamente máis complexas, combinando o xesto, a palabra, a mirada e a entoación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais percibindo semellanzas e diferenzas entre elas.
- Utilización axustada da información que proporcionan os diferentes soportes da lingua escrita: libros, revistas, carteis...
- Posibilidade de utilización dalgunhas palabras básicas aprendidas en lingua estranxeira nas actividades que se realizan na aula.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles.
- Uso adecuado das formas socialmente establecidas para solicitar, saudar e despedirse.
- Atención, asimilación e reprodución de textos lidos polo profesor/a.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado.
- Valoración da biblioteca como recurso informativo, de entretemento e divertimento.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Construción de frases orais afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas coas palabras do vocabulario, respectando a concordancia de xénero e número.

- Producción de frases en futuro utilizando as variedades morfolóxicas do tempo verbal.

- Comparación de imaxes establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.

Control da direccionalidade nas actividades gráficas.

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, debuxos animados, videoxogos...).
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación virtual.
- Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Dramatización de textos literarios.
- Producción de obras plásticas, musicais e dramáticas que desenvolvan a creatividade.
- Utilización dos diversos materiais e técnicas da expresión plástica para realizar obras que desenvolvan a súa creatividade.
- Uso das posibilidades expresivas do corpo para manifestar sentimentos e emocións.
- Recoñecemento das cores necesarias para obter outra cor.
- Interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Control da respiración en actividades de movemento e relaxación.
- Representación individual e colectiva de obras inventadas ou coñecidas.
- Control da direccionalidade en actividades gráficas.

- Identificación de sons producidos polo corpo e polo medio.
- Interpretación de mensaxes corporais expresadas por outros.
- Deleite coa audición de contos e poemas.
- Desexos de mellorar a súa expresión oral.
- Esfuerzo por aumentar progresivamente o seu vocabulario e producir frases correctamente estruturadas.
- Actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Gusto e gozo coas actividades plásticas.
- Pracer coas actividades musicais.
- Interese por coñecer os útiles e técnicas da expresión plástica.
- Deleite co descubrimento das posibilidades expresivas do corpo.
- Actitude de escoita nas interpretacións musicais e dramáticas.
- Interese por coñecer e manexar instrumentos musicais.
- Respecto cara ás obras plásticas dos demais.
- Pracer ó experimentar coas cores.
- Actitude de curiosidade polos sons do medio.

5. TEMPORALIZACIÓN

A distribución horaria será completamente globalizada e flexible (tal e como se recolle no art. 7 D 330/09) agás nas sesións adicadas as diferentes especialidades (música, psicomotricidade, inglés, PELO, xadrez e relixión/ atención educativa), que deberán respectarse sempre por cuestións de organización do centro e do profesorado. Igualmente o tempo diario adicado ao “Proxecto lector”, será fixo posto que todo o alumnado o traballará ao mesmo tempo. A continuación aparece reflectido o horario da aula, que me servirá de guía ao longo deste curso para a planificación das sesións lectivas.

A titora será a encargada de impartir tódalas sesións agás as das especialidades: Música, psicomotricidade, Lingua Inglesa, P.E.L.O., xadrez e Relixión/ Atención educativa.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VERNES
1ª HORA	Glob.	Glob.	Glob.	Glob.	Glob.
2ª HORA	Glob.	Glob.	Glob.	VALORES/ RELIXIÓN	Glob.
3ª HORA	Glob.	Glob.	Glob.	Glob.	Glob.
(12:10- 12:35)	R E C R E O				
(12:35- 13:00)	L E C T U R A				
4ª HORA	Glob.	MÚSICA	Glob.	PELO	PSICO- MOTRICIDA DE
5ª HORA	Glob.	Glob.	INGLÉS	Glob.	Glob.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación se leva a cabo tendo en conta o D. 330/09 (art. 8) e a súa concreción na O. 25 de xuño de 2009 como unha **práctica habitual e permanente do profesorado**, desde unha perspectiva **global** –adeuada ao contexto e ás características do alumnado-, **continua** –durante todo o proceso- e **formativa** –coa finalidade de mellorar procesos e resultados (art.19), ademais de adaptada ás necesidades, ritmos e características propias de cada neno/a, atendendo á diversidade.

Para cada área establécense unha serie de criterios de avaliación, que xa están estipulados de antemán e, que serán revisados polo equipo de ciclo. Estes criterios de avaliación están divididos en tres trimestres, que se corresponden cos tres boletíns informativos (XADE) que se lle envían ás familias ó final de cada trimestre:

- Coñecer as características diferenciais do seu propio corpo.
- Coñecer as articulacións e algunhas partes internas do seu corpo.
- Valorar, respectar e aceptar as diferenzas.
- Identificar o lado dereito e esquerdo do seu corpo.
- Discriminar as funcións dos sentidos do gusto, do tacto e do olfacto.
- Desenvolver estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.
- Contribuír no mantemento da orde e limpeza da clase e do colexio.
- Progresar nas súas habilidades motrices de carácter fino.
- Afianzar as nocións espazo-temporais aprendidas.
- Desenvolver hábitos de alimentación, saúde, hixiene e coidado persoal adecuados.
- Coñecer os cambios que se producen no medio relacionados co clima.
- Desenvolver actitudes de coidado e respecto cara ó medio natural.

- Afianzar a súa autonomía no ámbito escolar e familiar.
- Valorar tódalas profesións do seu medio próximo.
- Coñecer as características morfolóxicas e funcionais de animais e plantas de medios afastados.
- Clasificar obxectos atendendo ós atributos aprendidos.
- Coñecer algúns sinais de identidade doutras culturas presentes no seu medio.
- Asimilar e aplicar as normas de seguridade viaria.
- Comportarse adecuadamente nos lugares destinados á diversión e ó lecer.
- Coñecer algúns medios de comunicación e información.
- Saber solicitar, agradecer e despedirse seguindo as pautas que establece o intercambio lingüístico.
- Producir mensaxes máis complexas.
- Expresar sentimentos, necesidades, intereses, desexos..., mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.
- Aumentar progresivamente o seu vocabulario.
- Amosar actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Memorizar pequenos textos.
- Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas..., lidos na clase.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado.
- Construír frases afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas cunha estruturación correcta para a súa idade.

- Comprender, interpretar e producir imaxes.
- Ampliar o seu vocabulario.
- Iniciarse na lectoescritura.
- Iniciarse no coñecemento do código escrito a través de palabras e frases moi significativas e usuais.
- Utilizar adecuadamente os cuantificadores básicos aprendidos.
- Coñecer a serie numérica, ata o cardinal 9.
- Asociar correctamente a grafía dos nove primeiros números coas cantidades correspondentes.
- Recoñecer as formas xeométricas planas.
- Realizar clasificacións e seriacións sinxelas.
- Coñecer algúns ordinais.
- Iniciarse na suma e na resta.
- Empregar adecuadamente as técnicas, utensilios e materiais da expresión plástica.
- Coñecer as cores primarias e secundarias e gamas da cor.
- Iniciarse no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios e técnicas propios da linguaxe audiovisual e das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Distinguir entre a realidade e a representación virtual.
- Avanzar no coñecemento das súas posibilidades corporais expresivas.
- Controlar o seu corpo en actividades de movemento, equilibrio e relaxación.

- Identificar algunhas calidades do son.
- Discriminar o son producido por algúns instrumentos musicais.
- Participar mostrando iniciativa nas representacións dramáticas realizadas na clase.
- Experimentar con xestos e movementos como recursos corporais para expresarse e comunicarse.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Axustándome ao establecido no **D.330/2009** e na **Orde 25 de xuño do 2009**, a avaliación será **global, continua e formativa**. En consecuencia terá un **carácter formativo, regulador e orientador** do proceso educativo. Ademáis, será unha **avaliación sistemática**, polo que sei en cada momento qué, cómo e cándo avaliar. Por último, tanto ao longo do curso como en cada unha das UD e proxectos realizarei unha avaliación inicial, continua e final, cuxos datos expresarei en termos cualitativos.

Como dispón a **Orde 25 de xuño do 2009** ao longo do curso realízanse 4 **sesións de avaliación**, unha inicial e unha ao final de cada trimestre despois das cales informarei ás familias. Cubro os documentos oficiais de avaliación electrónicamente a través da aplicación informática, XADE.

Teño en conta tres momentos no desenvolvemento da avaliación, como son: **inicial, continua e final**. Levo a cabo a avaliación inicial a principios de curso e ao inicio de cada centro de interese, proxecto ou taller, para coñecer qué saben, qué poden facer e cómo actúan os meus alumnos/as para adaptar a programación ao seu bagaxe previo e ás súas características persoais, intereses e necesidades. A avaliación continua a realizo no desenvolvemento das actividades e a avaliación final me permite valorar globalmente o proceso seguido e coñecer o grado de consecución dos obxectivos plantexados, contrastando os datos da avaliación inicial cos da formativa. Empleo así a técnica da

observación directa e sistemática así como as entrevistas coas familias. O principal **instrumento** que utilizarei para recoller os datos son: un diario de aula onde realizarei un rexistro anecdótico de aqueles aspectos relevantes que acontezan no día a día da aula. Para avaliar, os aspectos que terei en conta son:

- Organización da aula: espazo, tempo, material...
- Interaccións entre o alumnado e co profesorado e a miña propia actuación.
- Adecuación da metodoloxía para a consecución dos obxectivos.
- Adecuación da programación e contribución á adquisición das competencias básicas
- Regularidade e calidade da relación coas familias.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.

Propoño unha **metodoloxía activa e globalizadora** de tal xeito que promova unha **aprendizaxe significativa, funcional e constructiva**.

A base desta metodoloxía é partir sempre dos **coñecementos previos** do alumnado, así como do máis preto a eles para ir alonxándonos pouco a pouco; polo tanto, o ambiente e planificación de tódolos aspectos a tratar hai que acercalos ao seu mundo máis preto. Parto das **necesidades, intereses e características** das alumnas e alumnos para asegurar a motivación e implicación na súa aprendizaxe. Creo situacións onde dou a posibilidade de experimentar con novas vivencias. Potencio o traballo cooperativo e grupal na asemblea, para sentirnos xuntas e xuntos, organizar as nosas tarefas, para construír coñecemento, valores e normas.

Tomo unha liña metodolóxica principal que é a **educación emocional** no meu alumnado e que me serve como fío conductor de todas as actividades que levamos a cabo durante o curso escolar. Tomo como base as aportacións de Mar Romera, quen define a educación emocional coma un proceso educativo, continuo e permanente complementario pero ao mesmo tempo necesario no desenvolvemento cognitivo dos nenos/as.

Traballamos así a identificación das propias emocións e as dos demais, a autoestima, a empatía, a resiliencia...

A necesidade infantil de exploración e manipulación fai do xogo un aliado fundamental para a consecución dos obxectivos propostos, polo que a metodoloxía a utilizar será un reflexo deste principio metodolóxico.

Do mesmo xeito, as actividades propostas terán sempre un nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado, de tal xeito que supoña un reto para eles facelas, pero que as poidan desenvolver con éxito afianzando así a súa autoestima, tan importante nestas idades. Sigo así o principio de pedagogía do éxito defendida por Vygotsky.

Haberá un **ambiente acolledor, tranquilo e cálido** que favoreza a reflexión, o hábito de escoita, a atención,... conseguindo así unha maior implicación e motivación das miñas alumnas e alumnos en tódalas actividades que se fagan. É por iso que a flexibilidade da programación e a adecuación das actividades ás características de cada neno/a son aspectos clave nesta proposta, posto que tal e como se sinala nas orientacións metodolóxicas do D 330/09 no referido ao tempo, este debe combinar actividades específicas da xornada con tempo de rutinas, descanso e relaxación. Teño así presente a curva de aprendizaxe de Kraepelin, polo que ao inicio da xornada propoño as actividades que requiren ao alumnado un maior esforzo cognitivo (lectoescritura e lóxicomatemática) e deixo cara ao final da mesma aquelas propostas menos cansadas como é o traballo por recunchos.

Por outra parte, pretendo que o alumnado adquira os coñecementos de forma significativa, procurando que as actividades se inicien desde as experiencias previas do alumnado, sendo motivadoras e funcionais, e que a presentación e organización do coñecemento teña unha estrutura lóxica e psicolóxica. O proxecto que traballamos este curso a nivel centro, "A volta ao mundo", relacionado coa celebración do 500 aniversario da primeira volta ao mundo levada a cabo por Magallanes e Elcano, é unha clara mostra de iso, xa que a motivación é intrínseca, respondendo aos intereses dos/as nenos/as. Ao longo do curso propoño a elaboración de obradoiros, os cales permitan continuar coa adquisición das competencias básicas no alumnado. Durante este curso escolar levaremos a cabo obradoiros para festexar celebracións como o Nadal ou o Entroido. No Proxecto de centro descubrimos os diferentes países e continentes polos que pasaron

estes exploradores, coñecendo costumes e tradicións de cada un deles, axudándonos para tal fin da biblioteca escolar.

En relación cos **agrupamentos**, propoño a formación de pequenos grupos a través da elaboración de traballos cooperativos e en gran grupo, así como a realización de actividades de carácter individual para promover a competencia en autonomía e iniciativa personal. Ao longo do curso contemplo tres tipos diferentes de actividades: iniciais, de desenvolvemento e finais. Para atender á diversidade presente na aula contemplo tamén actividades de reforzo e de ampliación.

Para rematar de explicar a metodoloxía, quero facer fincapé en que toda esta programación está pensada e realizada baixo un **ENFOQUE CONSTRUCTIVISTA**, onde o alumnado constrúe os seus coñecementos a partir dos estímulos que o mestre lle plantexa.

9- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS


A aula de Educación Infantil de 3, 4 e 5 anos está situada na planta baixa do edificio do colexio. É un aula ampla e luminosa. Conta con todo tipo de mobiliario e materiais para levar a cabo de forma axeitada o traballo.

Durante este curso a aula vai estar dividida por 5 recantos:

- Recanto de “A casiña”.
- Recanto de “Biblioteca”.
- Recanto de “Quebracabezas e construcións”.
- Recanto de “Plástica”.
- Recanto de “Lóxica- matemática”.

As alumnas e alumnos poderán ir de 3 en 3 a cada recanto. Ao longo da semana non poderán repetir ningún recanto (a non ser que algunha actividade concreta así o esixa).

A continuación aparece reflexado o plano (aproximado) da aula:



PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

Os proxectos de investigación son unha forma de traballo na que a alumna ou alumno é o protagonista absoluto da súa aprendizaxe. Realizaranse de forma flexible durante 2 sesións semanais.

O proxecto comeza cun diálogo entre os nenos/as e a mestra, no que cada un, libremente e respetando os turnos de fala, explica e razoa aqueles temas ou aspectos xerais que lle gustaría investigar. A mestra, durante tódalas conversas, toma nota de todo o que se di para despois transcribilo.

Unha vez que tódolos nenos/as explicaron o que queren investigar e por que, a mestra fai un relato de tódolos temas que se nomearon, e procésese a facer unha votación para elixir o que imos investigar. Se hai empate, os nenos/as que dixeron eses temas, terán que intentar convencer aos seus compañeiros/as do interese que ten investigar o seu tema, para así conseguir desfacer o empate. Se non fose posible, decidirá a mestra.

Unha vez elexido, decidiremos de onde podemos obter información e materiais para levalo a cabo, solicitando a colaboración da familia se fose necesario.

Todos lemos, observamos, comentamos e discutimos sobre os materiais e a información que temos. Pola súa parte, a mestra elabora unha serie de fichas ao respecto, que se farán nas correspondentes sesións do proxecto. As actividades, as experiencias,... van xurdindo ó longo do proxecto, non se programan dende o primeiro día.

Igualmente, non existe unha temporalización exacta para cada proxecto, xa que, dependendo da motivación dos nenos e nenas, dos materiais conseguidos, da implicación das familias,... terá máis ou menos duración, que se decidirá a medida que se desenvolven as investigacións.

LÓXICA – MATEMÁTICA

A lóxica – matemática traballarase a través de diferentes traballos e cunha iniciación ao método ABN mediante material manipulativo

LECTOESCRITURA

A lectoescritura traballarase seguindo un enfoque constructivista. A lingua coa que se traballará habitualmente a lectoescritura será a castelán, o que non implica que ao longo das xornadas non traballemos tamén a lingua galega, a través da realización das rutinas, asembleas, lectura de contos, cancións ou co programa de estimulación da linguaxe oral (PELO), tal e como se recolle no D. 79/2010.

PLÁSTICA

Ao longo do curso faremos diversas actividades plásticas relacionadas cos proxectos, obradoiros ou actividades que esteamos a realizar en cada momento.

PROXECTO LECTOR

Coa finalidade de fomentar o gusto e hábito da lectura así como a adquisición das competencias básicas entre os máis pequenos/as, elaboraremos un proxecto lector que nos servirá de referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que á súa vez estarán recollidos na programación xeral anual, respectando en todo momento o establecido na lexislación vixente.

Fomentaremos a participación das familias no centro, xa que poderán facer préstamos á aula deses libros que lles solicitamos ou ben aportar novas ideas.

En todo caso, no centro contamos con todo tipo de materiais e recursos, tanto humanos como materiais:

RECURSOS HUMANOS:

- Especialista en Educación Musical.
- Especialista en Inglés.
- Especialista en Educación Física.
- Especialista en Relixión.
- Especialista en Pedagogía Terapéutica (directora).
- Especialista en Audición e Linguaxe.
- Orientadora adscrito ao centro.
- Coidadora.
- Auxiliar de conversa.

RECURSOS MATERIAIS:

- Para o profesorado

- Diversos recursos multimedia: ordenadores, canón proxector, pantalla dixital, internet, etc.

- Para o alumnado -

- Diversos materiais multimedia: ordeadores, pantalla dixital, casete, CDs, etc.
- Materiais funxibles e materiais non funxibles de todo tipo.

10.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade está presente no alumnado e no proceso de ensinanza- aprendizaxe. Para establecer as medidas de atención á diversidade, teño en conta aquelas recollidas no D. 229/2011, establecendo uns principios básicos de: normalización, inclusión, non discriminación e garantía de igualdade de oportunidades.

A educación debe ser individualizada e axustarse ás características de cada un dos nenos e nenas, en canto á súa capacidade, á súa motivación, ao seu estilo de aprendizaxe, ao seu interese, ao seu ritmo de traballo, ás súas aptitudes, aos seus gustos e ás súas afeccións, ás súas capacidades máis destacadas seguindo a teoría das intelixencias múltiples, o seu medio familiar, problemática, etc.

Por todo isto, como docente me mostro flexible na aplicación do currículo e nos medios empregados, xa que irei adaptándoos á diversidade da aula.

Propoñerei se é necesario as medidas ordinarias de atención á diversidade cando sexa preciso, as cales veñen reguladas polo Artigo 8 D. 229/11. Estas supoñen a modificación dos elementos no prescritivos do currículo e polo tanto modifican aqueles aspectos referidos á metodoloxía.

ATENCIÓN A ALUMNOS E ALUMNAS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

Se entende por alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a aquel alumnado con, recollendo o establecido no art. 71 da LOMCE, necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades, por incorporarse de forma tardía ao sistema educativo español ou polas súas condicións persoais ou escolares que requiren dun conxunto de medidas diferentes ás ordinarias.

Algúns destes alumnos necesitarán apoios especializados dentro ou fóra da clase, dado por especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e linguaxe que será aconsellado polo equipo psicopedagóxico que atende o centro.

Pasos previos:

O primeiro que temos que facer é informarnos das características psicopedagógicas do alumnado que temos matriculado na clase, a través dos informes que obren no seu expediente e da súa historia escolar, se a tivera.

Cando temos un alumno/a que se considera puidese ter NEAE e necesitase dunha atención especial e non tivese diagnóstico, derivarase ao Departamento de Orientación para a súa valoración. E, se necesitase unha adaptación curricular, realizarase co apoio do profesor de Pedagogía Terapéutica ou Audición e linguaxe, e o Departamento de Orientación.

Como elaborar a adaptación curricular?

Partirase do currículo da clase, priorizando os aspectos de autonomía persoal e de linguaxe. Terase en conta a metodoloxía específica que imos empregar, os materiais compartidos coa programación da clase e os específicos para traballar aspectos concretos.

Faremos fincapé nos criterios de avaliación para co alumno/a, que serán respectados á hora de avalialo, e que o faremos segundo os obxectivos, contidos e criterios de avaliación da súa adaptación curricular.

Tamén debe quedar establecida a dispoñibilidade de atención individualizada, os tempos de apoio na aula ordinaria ou fóra dela e os tempos de atención en momentos puntuais.

Estas medidas estableceranse seguindo o estipulado na Orde 6 de outubro de 1995 que así o regula.

11. PLAN TIC

No noso centro existe un “Plan xeral de fomento das Tics” que abrangue a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) e que propón unha serie de obxectivos de carácter aberto e xeral común a todos os niveis educativos. Pola nosa parte, vemos necesario concretar eses obxectivos e adaptalos ás características do noso alumnado. Así mesmo, o profesorado temos adquirido o compromiso de ir formándonos e utilizando todos os recursos multimedia que temos ao noso alcance.

Obxectivos:

- Estimular a creatividade do alumnado mediante a utilización das Tics.
- Propiciar a experimentación e manipulación dos diferentes recursos multimedia que teñamos no centro (cámaras de fotos ou vídeo, ordenador, software educativos, pizarra dixital, etc.) para a realización das tarefas cotiás.
- Favorecer a socialización desenvolvendo todo tipo de actividades grupais utilizando as Tics.
- Despertar no noso alumnado a curiosidade e o espírito de investigación.

Desenvolvemento do proxecto:

Na aula contaremos cunha zona multimedia onde estarán ubicados todos os materiais multimedia da aula (reproductor de CD ou MP3, ordenador, impresora,...), ao cal poderán nos tempos correspondentes para realizar, sobre todo, actividades co ordenador:

- Xogar ou traballar de forma libre ou dirixida co programa “Tux Paint”.
- Utilizar o procesador de texto “Word”.
- Utilizar a rede para diferentes actividades: Buscar información, xogar, comunicarse,...
- Revisar o blogue de aula e actualizalo (<http://www.pequesdealaxe.blogspot.com>).
- Observar e completar a web do noso centro.
- Enviar e-mails ás familias ou aos profes a través da conta de correo da aula.

Así mesmo, fotografiaremos o grabaremos en video moitas das actividades que realicemos, coas cales poderemos facer montaxes, murais, etc.

Utilizaremos a pizarra dixital interactiva para facer diferentes actividades ao longo do curso, relativas ao traballo de lectoescritura ou de lóxica-matemática.

Continuaremos visitando, actualizando e incluíndo información no noso blogue de aula denominado “Peques de A Laxe” que está ubicado na URL: <http://www.pequesdealaxe.blogspot.com>

12- PLAN DE CONVIVENCIA

Contextualización

Nesta aula de Educación Infantil, ata o momento, non existe ningún problema de convivencia entre o alumnado – profesorado – familias. A relación entre alumnos/as, pais e mestres son boas e fluidas.

Así mesmo, todo o alumnado asiste con regularidade e puntualidade ao centro.

Desenvolvemento

Aínda que actualmente non detectamos ningún problema no eixo da convivencia escolar, nesta aula de Educación Infantil, levamos a cabo un protocolo de actuación para prever posibles problemas nun futuro.

- Reunión informativa para o alumnado que se incorpora novo ao centro: En setembro, antes do comezo das clases, a titora correspondente, reúne ás familias que se incorporan por primeira vez ao centro, para explicarlles as normas do centro e da aula e os diferentes aspectos recollidos nas Normas de Organización e Funcionamento, e para orientalos sobre as dúbidas que poidan ter.
- Entrega do documento que recolle as N.O.F.: Entregarase (se é posible por e-mail) unha copia deste documento a todas as familias novas no centro para que o teñan como referencia durante o periodo de escolaridade dos seus fillos e fillas neste centro.
- Reunións trimestrais: A lo menos, farase unha reunión ao principio do curso para lembrar as normas e despexar novas dúbidas; e outra ao remate do curso para valorar o transcurso do mesmo. Ademáis, convocaranse as reunións que se precisen para aclarar ou resolver calquera conflito.
- Tutoría co alumnado: Cada unha das titoras, falará e explicará ao seu alumnado as normas que deben respectar e indicará cal é o comportamento que deben de ter en cada momento ou situación, fomentando en todo momento o respecto e a boa convivencia.
- Tutoría coas familias: A titora, sempre que sexa necesario, citará aos pais de xeito individual, para unha reunión de tutoría os martes de 17:30 a 18:30 horas, para comentar e coordinar coas familias os aspectos educativos máis importantes do

seu fillo ou filla. Igualmente, as titoras atenderán no mesmo horario de tutoría, a todos os familiares que desexen unha entrevista individual.

- Participación das familias: Sempre que sexa posible, favorecerase a participación das familias nas actividades escolares, para fomentar así as boas relacións e a comunicación entre pais, mestres e alumnos.

No caso de que se producise algún incidente grave relacionado coa convivencia escolar, actuaríase seguindo os cauces indicados no Plan de Convivencia do Centro e nas Normas de Organización e Funcionamento e Convivencia.

13. EDUCACIÓN EN VALORES

A **educación en Valores (Elementos transversais coa LOMCE)** son un conxunto de contidos que deben formar parte das actividades plantexadas en todas as áreas; o que supón formalizar unha educación en actitudes.

Para traballar a educación en valores facémolo por medio de actividades concretas aproveitando os días de obrigada conmemoración, establecidos no art. 8 da **O. 20 de xuño do 2019**.

As temáticas coas que traballo a educación en valores son as establecidas na L.2/2006 do 3 de maio (modificada pola LOMCE, L.8/2013 do 9 de decembro), no **D. 330/2009 do 4 de xuño** e na **O. 25 xuño do 2009** e son as seguintes: educación para a paz; para a saúde; viaria; para a igualdade entre ambos sexos; ambiental; para o consumidor; moral e cívica; sexual e educación para o lecer.

14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES COMPLEMENTARIAS

Tal como se establece no calendario escolar para o curso 2019/ 2020, celebraremos as seguintes conmemoracións nas datas correspondentes:

- 20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

- Do 2 ao 9 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 decembro 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2020: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 9 ao 13 de marzo de 2020: Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 20 e o 24 de abril do 2020: Semana do libro
- 2 de maio de 2020: Día internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2020: Día de Europa.
- Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2020: Día Mundial do Ambiente.

Ademais das conmemoracións sinaladas anteriormente, tamén celebraremos outras:

- Magosto e Samaín.
- Celebración do Nadal.
- Entroido.
- Letras Galegas e Maíos.
- Os aniversarios dos nenos e nenas.

En relación ás saídas ou visitas culturais para este curso, so faremos as saídas que o equipo docente considere axeitadas e, sempre e cando se faciliten os apoios necesarios para garantir a seguridade do alumnado e o bo desenvolvemento da mesma. A cada unha das saídas que se fagan, so poderán asistir os alumnos e alumnas autorizados para cada ocasión polos seus pais ou titores legais, asinando unha circular enviada polo centro na que se explicarán todos os detalles de cada saída (duración, horario, etc.).

15-PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación concíbese como unha reflexión activa que se caracteriza por axudar ó profesorado a detectar, analizar e valorar determinados aspectos do proceso educativo como: a adecuación dos obxectivos, dos contidos, da organización e clima da aula, dos recursos da aula e do centro, as medidas de individualización e atención á diversidade, da relación coas familias e a coordinación cos outros profesionais.

Esta avaliación da programación e dos seus elementos levarase a cabo de forma continúa e final, realizando os cambios necesarios ao longo do curso para acadar os obxectivos propostos.

A observación directa e sistemática e a análise das producións dos nenos e nenas constituirán as principais técnicas e fontes de información de dito proceso, tendo sempre como referentes os criterios de avaliación recollidos en dita programación.

Ademais tamén avaliarei a miña práctica docente, tendo en conta aspectos como a progresión dos contidos, a adaptación dos mesmos á diversidade do alumnado, a súa relación cos obxectivos propostos, a metodoloxía e os recursos empregados, entre outros aspectos.

A obtención desta información permitirá valorar o grado de consecución da programación, realizando as modificacións necesarias en caso de que os resultados non sexan os esperados.